

A. NOVA TERRA

BOLETIN DECENAL

Idearium das Irmandades da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal

PREZOS DE SUSCRIZÓN
Na Cruña ó mes, 20 cts. Fora trimestre, 1'50 ptas.
Coste d'un número, 15 > América id.... 2 >
PAGO ADIANTADO

NUMERO 120
A CRUÑA 25 DE MAYO DE 1920

Redacción e Administración:
PLAZA DE MARIA PITA, 17, BAIXO
(Irmandade da Fala)

Dos Nossos Valores

Conferencia lida no Salón de actos da "Económica"
pol-o irmán
A. VILLAR PONTE

Goethe dixo das suas obras que elas eran sinxelos anacos d'unha confesión xeral. Eu dígovos que tamén as miñas verbas d'oxe, com'outras moitas que teño escrito enantes d'agora, son iso mesmo. Non falo tampouco pra buscalo aprauso dos qu'eternamente fan cola no teatro da vida.

Deseño somentes que teñais a bondade de m'ouvir con atención. Quero que

Cadro branco

Os concelleas republicanos do Municipio de Santander opoñéronse rexamente a secundar a protesta dos mais concelleas monárquicos e patrióticos contra da grande Cataluña.

Os concelleas republicanos de Santander son... castelás.

E com'os republicanos de Santander, os radicais de Barcelona e os socialistas de toda Hespaña puñéronse acaron de Cataluña.

pensedes «sintindo» é quero que «sintades» pensando. Pois a cultura que poderíamos chamar do sentimento é a única cultura salvadora e fecunda, a única capaz de creare unha moral colectiva, esa eterna relixión dos pobos que se chama patriotismo.

Un pobo valeiro de sentimento é un

pobo morto, inda que n'él dñase os homes de ciencia e de sabiduría co'a abundanza que as margaridas e os campos e as queiroas nos montes. — ¿De qué lle serve a Santiago verbigratia, tere tantos sabios oficiais, tere tantos centros de cultura «cerebral», si eses sabios e eses centros áchanse fallos d'un sentimento común correlacionado c'o sentir e esvaído, por de cote latexante, no curazón do pobo? Esa ciencia desarticulada, ese ensino esporádico beneficiará o individualismo económico das patronas de casa d'hóspedes, dos comerciantes e dos estudantes que ó romate dos seus estudos terán un meio de viviren. Pro espírito da cidade—o senso da cidadanía galega—ficará ó marxe de tanta sabiduría e tanto ensino co'a friaxe tolledora das lendas gloriosas das pedras dos moimentos. Será como luz de luar, alumadora, fantástica pro infecunda. E o pobo sinxelo co'as suas cantigas o pobo homilde c'os sus coros, c'os seus costumes e tradicións, c'o su arte inxenuto—que os señoritos «intelectualizados» ollan bulrona e indiferentemente—facerá mais por unha cultura nosa, axeitada á nosa natureza, que un feixe de profesores sabios e unha mileira d'alunos fallos de sentimento racial e ateigados de coñecimentos escritos, si fican tan arredados do meio ambiente com'as estrelas da terra. ¡Sempre o sentimento!

Xermólase no sentimento a moral e

na moral a xustiza. E si na Universidade—por vos citar o centro mais outo de cultura—non hai sentimento a feito—ese sentimento que poderíamos chamar nobre egoísmo colectivo afincado no degoro ancestral da raza—terá menos valor civilizante que calquera sociedade agraria ou obreira. I-ela entón con tod'a sabencia, seravos ergástula d'eseravos de caciques e cadea atrolla-

Cadro mouro

Os concelleas republicanos do Municipio da Cruña axudaron ós concelleas monárquico-patrióticos na sua protesta contra de Cataluña, que foi a única nación d'Hespaña que fixo sempre xusticia á Nosa Terra. ¡Vergoñoso e ridículo!

¡Eso que os republicaniños coruñeses teñen pedido a autonomía integral!

Sola noso irmán Iglesias Roure, cumpliu c'o seu deber. Merece á embara de tódol-os bos galegos.

dora das arelas de libertade do pobo.

Unha ciencia que non redime almas, unha cultura que non ergue curazóns e non acerta a chantal-o seu cuño diferenciadore aceso en lume vivo d'un eu propio non acerbo da cultura universal, resulta estéril na eternidá dos tempos, porque as verdades oxetivas froito da

esperencia e do azar comúns a todol-os pobos, mais cedo ou mais tarde pódese descubrir calquer sabio de calquer pobo. Emporiso, ben o dixo o noso ilustre inimigo Unamuno: «O binomio de Newton non nos consola de ter-mosos nado», Constantinos, en troques, unha rima de Rosalía ou de Cabanillas. Que os homes de ciencia con escalóns, re-atividades utilitarias, e os artistas camés eternos, ipretificabres, faros orientadores das raazs, no qu'estas teñen de senso da permanza, a través dos horizontes sin termo da Historia.

I-eu heivos dicir agora que fai mais pol-o progreso de Galicia—xa que crea sentimento e moral e xustiza, vede o «ritornelo»—un coro enxebre com'o «De Ruada» d'Ourense percorrendo Galicia, ou unha Exposición com'a do imenso Castelao, que calquer misión de profesores sabios que vaian falando de cousas pensadas i-especializadas (sin nexo sentimental propio) por tódalas vilas galegas. Oque dicirían eses sabios pódese saber sin ouvidos, pol-os libros ou ouvind'a outros. O que fan sentir e pnsar aqueles coros e-aqueles artistas, somente se pode sentir o pensar «gracias a eles».

Quen ten ciencia, sin sentimento, poderá facer da ciencia unha ganzúa pra medrar a vida. Que ten sentimento sin ciencia, pode e coase que sempre o é, útil á súa terra, a un trecho de humanidade, consustanciada c'o sere de seu.

A ciencia i-o sentimento xunguidos, formando simbiosis pura son a frol d'unha civilización. O bivio grego era com'unha V. Trazaíno mentalmente. Escribide n'un dos seus brazos «ciencia», n'outro «sentimento» e no vértice «Terra» E teredes a definición gráfica da Patria.

Mal ou ben, hoxe inda falan en galego as cinco sextas partes da poboación de Galicia. A imensa maoría. Supoñede que por novos influxos da colonización castelana o galego desaparece. Que todo estivese xa castelanizado. Que com'os señoritos i-a cursi clás meia tódol-os labregos e mariñeiros s'espresaran en castelán e pensaran en castelán i-hasta fosen donos d'unha cultura xeral grande inda que exótica. Supoñede perdidos tódol-os valores raciaes, tódol-os xeitos autóctonos, i-esto coincidindo c'un progreso material punxente e considerabel. O que cubizan os parvos partidarios «del regionalismo sano y bien entendido».

Mas un día chegamos ó campo. O trafego é imenso. Hai frábricas d'abondo. A silueta das outas chimeneias fura a masa verdinegra dos pinales. O fumo azul que escoan as tellas dos vellos ca-

sós patriarcaes esváise avergoñado ante o fumo preto e mesto que deitan as colmeas industriaes. O verde espréndido dos campos sofre a mágoa lixadora dos vermellos piladas de mineiral. As ergueitas montanas son toupeiras humanas. Os vales, as valgadas i-as serras óllanse enxornadas pol-o escintileo das liñas paralelas metálicas. As estradas albean onde queira. O progreso material chegara ó cumio...

Temos verbas de loubanza pra tanto ben dos homes. Apouñados co'a ledicia, berramos: «Esto parez un Bélxica». Pro hai un rapaz que nos escoita, calado e pensativo; un rapaz que s'ache-ga, paseniño, paseniño, hastra nós. Os seus ollos son fondos, azues, vagari-fiantes, c'un veo velaiño de melancónia i-ensoño. A súa frente é ampla. Os cabelos mestos e longos; a face emagrecida e pálida; a boca doce e tristura-; o corpo lanzal e flébil.

Calmuzo e sorrinte, nos dí: Son a fecunda folganza, n'este ambiente de traballo estéril. Son a fecunda folganza filla do «ocio helénico». Son o único famento n'este emporio de riqueza colonizada».

Tomámolo por tolo. Mais il camiña e nós imos atrás d'ele como atraguidos pol-a súa ollada de enfeitizado. Fainos cruzar pol-o sombrizo e recendente chan d'un vello souto. Lévanos por unha corredoira silenciosa i-esquecida. Fainos rubir hastra un verde outeiro coroado de pinos i-ateigado de felgos, esas prantas simpáticas que somente crescen nas terras probes.

—«Xa non hai fadas nos bosques—berra entón—. Fuxiron amedoñadas pol-o fumo das chimeneias que condenou Ruskín. Xa morreu a musa popular qu'enchía de cantigas e superticións pœticas os doces campos i-os meigos recunchos. Nin espadeladas, nin regueifas, nin riveiranas, nin muñeiras, nin parrafeos, nin alalás... ¡Nin saudade, nin lirismo...! ¡Nin alma propia, nin propios sentimentos...! Esto é un Bélxica que se chama Galicia, coma poderíase chamar calquer outra cousa... Un pobo coma tódol-os pobos mortos, qu'entrouques de se habere afundido com'a nosa Atlántida no fondo das águas, afundeuse nas ondas d'un progreso magou pra sempre unha rica fonte d'ar-mundo unha civilización propia, que ce-terial, niveladore e monótono que deixa infecunda esta terra pra lle donar ó te... Os «camiños innumerabres» do que deben ser o «mare nostrum», o mare Atlántico qu'escintilea ó lonxe, xa non levarán a ningures nada noso, nada que seia galego, nada que faga esquecer ás xentes de que galego foi sinónimo de bárbaro por malquerencia aldraxante

da soberba Castela qu'esnaquizou e furtou nosa i-alma pra sempre».

Eu escoiteino caladiño. Eu descin con él car'o val. E fumos dare a un recuncho sinxelo e meigo, ond'as albres espe-llaban nas ledas risadas de cristal da i-auga de fermoso río cantareiro. ¡Oh milagre!... Un vello petrucio, de guedellas brancas, c'un arado román, fendía un anaco de terra, aguilloando uns bois marelos d'ollos tristes e redondos como medallóns acochadores d'un peisaxe en miniatura e de beizos carnudos e inquedos pingando fios de baba mesta.

—Este vello este vello velliño—dixonos sorrinte e ledo o rapaz pálido—, é o derradeiro morador d'esta terra que non quer deixal-os costumes i-a fala de seus abós, froitos esgrevios d'esta natureza. Un analfabeto simbólico, rexo inimigo de todol-os progresos materiaes que nos deixan sin fadas nin paxaros. O derradeiro anaco vivo da persoalidá d'un pobo; o derradeiro patriota a quen non dubidarian en lle rendir honores ao decatáense da súa existencia, tódol-os homes sabidos que crên que poida ser en algures o progreso material motor transcendente da humanidade... .

O velliño de faz enrugada e d'ollos churrusqueiros, mirou pra nós. Apreixoulle a mán fortemente ó que falaba. E logo ollando pr'o fumo das chimeneias lonxanzas ergueu o puño ameazante.

O rapaz pálido púxose de xoenllos. Eu imiteino. I-estreitándoo contra do peito, berrei: ¡Salve poeta! ¡Salve fixador dos sentimentos que non ten valor no zoco do utilitarismo xudaizante i-estéril ond'a ciencia fría trunfa. O principio i-o fin d'unha patria sodes vós. Tí, rapaz pálido e ti velliño petrucio... .

A rutina, dixo Ramón e Cajal, ten un orixe orgánico. «Si as suxestións dos preceitores e dos pais—afirma— obedecen a prexucos e falsas ideas, no miolo do neno formaránse conexios aberrantes, anormaes, escrusivas ante determinado grupo de células e o resultado psicolóxico ha de ser quizais a rutina no pensare y-outros moitis vicios mais difizles de arrincare. En troques, unha educación basada en ideas positivas, en sentimientos sans e xenerosos, perfeccionará o desenrolo das asociaciós fisolóxicas das neuronas cerebraes y-o resultado ha de ser un home de xucio seereo, libre de preocupaciós».

Pois si a rutina ten un orixe orgánica, ha de ser valdeiro o traballo de convencer os rutinarios, ós que teñen o cerebro xa axeitado pra s non saír dos carrís trazados pol-os seus mestres e pol-os seus pais. Uha verdade nova ante eles non terá acollimento. Pol-o

mesmo sería perdel-o tempo falando pra convencelos. Eu falo pr'ós mozos «novocentistas», prós que non viven infruidos pol-as parvadas verbaleiras do século XIX. Sinto a economía do proselitismo, que vos aconsello a todos. Os vellos i-os homes d'idá madura que non veñan a nós espontaneamente, deixá deos tranquilos. Perderíadel-o tempo co'eles. Sementade o santo ideal no curazón dos nenos e dos rapaciños. Este é o único torreo doado. Pol-a sua cultura virá o atruxo do Trunfo.

Eu pergúntovos a todos, irmáns, amigos i-enemigos, ¿non queríades unha Galicia con valores universaes? Unha Galicia que pesase no mundo, capaz de facer hestoria propia? ¿Non queríades que o idioma galego trocárase n'un instrumento espresadore d'unha cultura tan forte com'a que repersentan o alemán, o inglés ou o francés?

Ben; isto non é posibel, pensaredes. Mais—postos no terreo da fantasía—figuraivos que tivéchedes un sono tolo. N'ese sono vos foi dado ver a existencia d'unha Galicia grande, nai d'unha nova civilización punxente, a civilización Atlántica, que s'impoñía ó mundo, como antano s'impuñera a mediterránea, libre d'influxos alleos; unha groriosa civilización cheia do espírito racial, cúa esencia é o lirismo i-a saudade, feita no idioma natural, no idioma que é inda máis da nosa Terra que as nosas prantas i-as nosas paisaxes... ¿Hai alguén que non cubizara qu'este sono tolo se convertira en realidade?—Non pode ser, decidéo—. Boeno, pro si poide-ra sere...?— Ah, d'aquela, si...

Pois os nazionalistas queremos que así sexa. Queremos trocarnos a fantasía en realidade i-a realidade d'oxe en pretérito esquecido e vergoñoso. I-eu dígovos que os nosos fillos trunfarán si nos acertamos a cantar no curazón da mocidade a fungadora frecha do anhelado patriótico.

Oxe qu'é Galicia? Os galegos que mais galegos parecen—académicos, eruditos, arqueólogos—adicanse ó estudo das cousas vellas da nosa Terra, com'as d'un país finado, morto, cúa persoalidade s'olagouse no castelanismo estéril. Si fan un dicionario danlle xeito de panteón da nosa língoa. Si fan un boletín convírtenno en eco morto de cousas pretéritas. Somente miran prá atrás, c'unha friaxe tan tolledora, que calquera diciría que se trocaron, com'a muller de Lhot, en estátuas de sal. Fálta-lles o atopáranse a si mesmos. Fálta-lles o sentimento qu'é consustancialización da i-alma propia o'o meio natural. Infrunciado por cinco séculos de colonización castelán, xa non teñen máis que o viviren na Galicia. Perderon o

sangue do espírito qu'é a língoa natural, perderon a autonomía dos sentimentos que só a língoa propia mantén acesa, e fican trocados en «turistas» na sua terra, que ven percorrendo guiados por unha cultura fría que lembra ós antipáticos «cicerones», tod'o que foi. Avergónanse da sua i-alma e da sua natureza, pois a tanto equival avergónárense da língoa propia qu'é o froito mais esgrevio de toda raza, o sino mais cuto de creación, a proba mais forte y honorosa da personalidá orixinal de todo pobo. Sintense inferiores espresándose en galego; e xa non espresándose en galego; senón aíña falando en castelão con acento da Terra. E disimulan este acento, sello que nos puxo a natureza, como cousa infamante, e pónense fachendosos e ledos, cand'un castelán lles dí: «Usted no parece gallego; si todos sus paisanos fuesen lo mismo». Pensedes como vos pete, sexades amigos un inimigos, ¿coidades que cando se chega a este xeito de rebaxamento, non merez un pobo ser escravo? Eu non sei d'un caso d'onanismo espritoal mais degradadore: d'un pecado contra natura mais vil.

Porque o noso idioma e tan de nós coma nós mesmos, e sin embargo tiñanno por «inferior» ind'os poetas que o empregaban. ¿Qué escritores con iste criterio por diante iñan cultivalo?

Afirmaba o gran Porteiro n'unha notable conferencia sua que si chegaran os tempos de desenrolármola nosa cultura integral, percisábase primeiro de nada facer unha disposición agarimosa, un xeito de simpatía pra elo, porque a influencia das culturas alleas puxo a Galicia n'atitute ridícula e contraditoria frente ós seus propios valores, obrigando a facel-as críticas do noso com moldes e valores estranos.

Porque de fora quenes non sentían nin coñecían o noso afirmábanno, coidá-bamos moitas caracteirísticas galegas mais cativas que as d'outras rexións. E como arrenegáramos da fala: arrenegáramos da propia natureza. A nosa luz i-o noso verde—chegamos a pensar pol-o que nos dixeran alleos—non valían pra seren levados o lenzo. O noso orballo e a nosa chuva miuda, eran cousas da nosa terra que nos facían inferiores. Até as nosas mulleres e os nosos homes coidaban moitos que non resistían a comparanza c'os d'outros pobos. Só mandá-bamos con fachenda ós boletís castelás aqueles retratos de mozos que parecían señoritos de «cá-barte» e de mozas que c'o mantón de Manila puideran resultaren moi «chulas». As nosas diferenciacións caracteirísticas n'ise ambiente podería xurdir?

Pois a nosa música tamén era cousa

ridícula. Os alalás, i-as cantigas populares, sirvían de bulra a moitos; inda hoxe pesi-a qu os patrióticos coros enxebres, que iniciou en boa hora Perfeito Feixóo, a dinificaron, atopa na clás meia que quere pasar por aristocracia, un xeito de desdén. Xeito de desdén que se troca en admiración pr'á música popular d'outros pobos. E ¿qué compositores poderíamos ter así? O valor dos nosos cantos ó lado dos flamengos qué probe o víamos. A nosa fala qué «ordinaria». O valor do noso paisaxe e dos elementos naturaes que o integran era—como xa dixemos—unha disgracia pra nós. A chuva, o orballo, a brétema, tanto verde, tanto monte, tanto gris ¿qué doore! En troques, ¡oh, aquel ceo de Castela e d'Andalu-eía! ¡Aqueles chaos inensos!

E d'iste xeito, fallos do poder d'esaltación, forza suprema do artista, pra todo o consustancial c'o noso espírito ¿qué outra cousa senón a escravitude moral e o rebaxamento maor poderíamos colleitare? Eisí fono moitos escritores galegos os que chegaron a facer traballos porcos na nosa fala e cousas finas en castelão; eisí coáseque tódol-os escritores da terra danlle ó galego nome de dialeuto, inda que os millores filólogos do mundo téñano calificado de idioma, en xustiza. Eisí deixamos de cantal-os nosos símbolos: eisí esquecímolo mare, qu' en Portugal sigue sendo un valor poético e antre nós, dende Martín Códax coáseque non tivo cantores. Eisí infruidos pol-o mito azorinense da meseta irta, namoráronse moitos escritores nosos, —cursis, degradados, almas mortas, treidores á natureza—do chao de Castela, dos seus camiños poirentos, e do cervantinismo que nos aldraxou e que matou o idealismo na Hespaña como din os pensadores andaluces d'organo. ¿Cómo se non fosen mais fermosas as corredeiras da Terra e os montes verdes, e os meigos vales e os castros lexendarios! Como se os fidalgos de Galicia que canta Valle Inclán, despois de recobrase a si mesmo, gracias ás influencias líricas que recollen dos libros portugueses non fosen tan interesantes com'os de Castela, e como si a primeira aristocracia ibérica non tivera seu reigame na nosa Terra.

Pois as «Irmandades da Fala» vífieron a esto: a esaltar os propios valores esquecidos, a esculpírse nas novas xeneracións o santo amore á Terra, como nada fecundo. Y-eisi no berro ¡Terra a nosa! está tod'o programa tod'o idearium das «Irmandades», o mais grande, o mais nobre, o mais practico que se fixo en de xamais na Galicia.

Estes son os problemas do galéguis-

mo; porque o de pedire estradas, camiños veciñás e de ferro, granxas, etc. non é problema, senon unha necesidade, tan de Galicia como d'outras rexións, que cando haxa bós gobernos resolverse.

Quen non sinta o nazionalismo, pois, será rexionalista por especializar os asuntos d'orde universal práticos d' unha parte de Hespaña, pero non fará nada por erguere da lama a escravitude moral á nosa Terra, que, progresiva e todo ficaría sendo despreziable, mais despreziable canta maor riqueza e cultura allea tivera.

Y-eiqui ven axeitado o lles decir os «del regionalismo sano y bien entendido» que si o único que importa son as cousas relacionadas co progreso material o concepto da pátria pra eles, tan patrioteiros, resulta nulo; como eles resultan antipatriotas sin sabelo, pois si todo consiste en ventaxas d'orde práctico, Galicia deixando de ser hespañola pra sumarse a outro Estado europeo, de contado trocariase n'un emporio de riqueza material, coma Xibraltar, por exemplo.

E aínda comple falarlles tamén á mesma clás de «regionalistas sanos, bien entendidos y prácticos» de que cantos dín «primero hespañoles y despues gallegos», nin son bós hespañoles, nin son bós galegos, nin saben o que pensan. Porque Hespaña é conxunto de varios pobos. E un nado na nosa Terra; pode quere-lo mesmo a Castela, a Andalucía, a Cataluña, etc. que a Galicia? Pois si quere a Galicia mais que as outras rexións, i-as outras rexións con Galicia forman Hespaña si di quere a Hespaña mais que a Galicia, non sabe o que di ou non quer a ningún, que é o certo.

E agora no esquezades que Alemaña, este pobo grande e admirabile, tivo por base pr'a sua creación unhas «Irmadades da Fala» com'as nosas. Gracias a elas d'un dialecto fixo o seu idioma e poido diferenciare a sua cultura, as útil a humanidade, das outras culturas saxonas. Si os alemáns dos tempos de Lutero pensasen com'os galegos castelanizados, Alemaña oxe seria un pobo esvaído e morto espiritualmente: I-a civilización universal sufriría unha resta dorosa.

Os países son expresións xeográficas; os Estados equilíbrios d'institucións. A patria é a solidariedade sentimental da raza, e nada mais. O da nacionalidade é un concepto moderno. A cultura é o millor e mais forte cimento da nacionalidade. Sin a cultura os homes non chegan a poseeren o verdadeiro sentimento da pátria. Sosmente, pois, no nome da incultura pode combatirse-los, irmáns nazionalistas. I vede de que

maneira tan sinxela, con que xeito tan doado, un pensador arxentino, Jose Ingenieros, nos ten dado a razón. O que escribiu parece feito pra nós.

Non abonda acumular riquezas—dí ele—pra crear unha pátria: Cartago non'o foi. Era unha empresa. As minas, os bos portos, as industrias i-as chovas fan de calquer país un rico emporio; percisanse ideyas de cultura pra que n'el haxa unha pátria. Rebáixase o valor d'iste concepto cando apricaselle a países que carecen d'unidade moral, mais somellantes a fautorías de logreiros, antóctonos i-esóticos, que a fatos de soñadores cuio ideal pareza un arco tendido hacia un oxetivo de dinificación común. A pátria ten intermitenzas; deixa de selo en certas épocas de rebaixamento, cando s'esmorece todo afán de cultura i-erguense viles apetitos d'enriquecemento. I-o remedio contra d'esas crisis de cultura non está no fetichismo do pasado (siñores académicos) senon na sementeira do porvire, concurriendo todos a crearen un novo ambiente moral axeitado a toda culminación da virtude, do inxenio, do carácter. Cando non hai pátria, non pode existir nazionalismo. Este sentimento coletivo somentes é posible na medida que sinala o latexar unísono dos corazóns. Namentres un país non é pátria, os seus habitantes non forman unha nación. O celo da nacionalidade só existe nos que se teñen sintido apaixonados pra perseguiren un mesmo ideal. Por iso é mais fondo e punxente nos cerebros altos. A cativa capacidade d'ideyas impide ós espiritos bastos verem no patriotismo un alto ideyal; os tráfugas da moral, alleos á sociedade onde viven, non poden concebilo; os escravos i-os servos, teñen, apenas, un país natal. Somentes o home dino e libre pode ter unha pátria. Pode tela; non'a ten sempre, pois hai tempos en que samente existe no maxín de poucos: un dez, quizais algun cento d'elixidos. Ela está, entón, n'ese punto ideal onde converxe á aspiración dos millores, de cántol-a sinten sen medraren d'oficio galgando na política. Entr'esos poucos están entón a nacionalidade e latexa o nazionalismo; mantéñense alleos ó seu afán os millóns d'habitantes que xantan e lucran no país. O sentimento erguedore nasce en moitos soñadores novos; pro permanez rudimentario ou s'esmorece na decadencia común i-en poucos elixidos chega a ser dominante, asoballante, antepóndose a miudas e cativas tentacións de piara ou confradería. Cando os intreses venaes sobrepóñese ó ideal dos espiritos cultos, que constituen a i-alma d'unha nación, dexenera e s'apodrece o sentimento nazonal; a patria é esproada com'unha industria. Cando se vive

fartando groseiros apetitos e ningún pensa que no canto d'un poeta ou na reflexión d'un filósofo pode estar unha partícula da gloria común, a razón afúndese. Os cidadáns voltan á de habitantes. A pátria á de país. Cando a miseria abafa un país, culpa é de todolos que, por falla de cultura e d'ideal, non souberon amal-o como patria; de todolo que viviron d'ela sin traballaren pra ela.

Coma dixo Cambó, o nazionalismo non se discute: ou se sinte, ou se rechaza. I-eu asegúrovos que ningún espírito seleito, ningún galego d'alma libre, pode deixar de sere nazionalista se afonda na sua conciencia e na conciencia do seu pobo. Porque o nazionalismo no intre de moito mais, é humanitarismo, significa creación d'unha nova cultura útil á humanidade, capaz de facer, tempo andando, pol-a liga de nacións, pol-o gran Estado universal, que a guerra derradeira non foi capaz de facere. Decatádevos, senón como inda o bolxevismo pensa na liberdade das nacionalidades naturais cal en instrumentos, cal en orgos percisos pró desenrolo da cubizada solidariedade internazional.

Pro todo ha ser inútil, o gran soño de que no comenzo vos falaba se non podera realizar si non sentimos por riba de todo, en col de todo a cubizadum imperialismo da nosa língoa. Porque pódese ser rexionalista con língoa allea; non se pode ser nazionalista, en troques, senón con língoa propia. Sintir o imperialismo da língoa é sintire a nosa libertarde. O idioma galego se nós queremos, no porvir poderá ter unha importancia internazional grandísima e trancedente.

Fixáivos ben; digan o que queiran os que non teñen ollos pra mirar mais aló dos tempos que corren, a hexemonía do castelão na América non ten fondo reigame. O castelão aló vai camiño de se dialectizare, xa corrompido. Falan moitos millóns d'americáns inglés; falan portugués moitos millóns tamén. A inxeranza de razas estranxeiras (italiana, eslava, xermana, francesa) nas Repúblicas mais progresivas do Novo Continente constitue elemento «descastelanizadore». Ved'a Arxentina querendo facer dos seus dialectos criollos un idioma propio; vede a Cuba, Porto Rico, Panamá, Costa Rica e Santo Domingo, saxonizándose; vede a Haití francesa. Pois na Península ibérica anticasteláns son Euskadi e Cataluña. Unha nación independente con cultura gloriosa, veciña de Galicia (otra Galicia separada de nosoutros por torpezas históricas) ten por língoa a mesma galega que de apenas diferenciase en pequenezes ortográficas e prosódicas. O galaico-portugués fálanno mais de

trinta millóns d'almas entr'Europa, Africa i-América. O galego-portugués é o supremo instrumento do humorismo e do lirismo. Agora ben; si «queremos», pondo en alta tensión máxima a nosa vountade creadora, ¿por qué a nosa língoa viva non ha trunfar pra sere no futuro verbo escelso da civilización atlántica que ven xermolando?

Non ten outro valor o castelán que o da «estesión». Por esa estesión, coídabase útil pr'ó comercio co'as Américas. Mais hoxe tódal as grandes potencias comerciaes crearon escolas de casteláo con fis utilitarios. C'o mesmo castelán matarán aló a influencia castelán, conquerindo pra elas os mercados. E cando o comercio hespañol decaya na América a decadenza da língoa que sirveu pra fomentalo virá de camiño. Pra que o castelán non decaíra, sería preciso que reperentara valores fondos culturaes. E xa sabedes que non representa ningún. Na Hestoria da ciencia universal—pese aos esforzos que Menéndez Pelayo fixo pra demostralo contrario a Hespaña centralista non ten coá-seque voz.

E contestádeme agora, o sono de que vos falaba ós comenzos ¿non pode realizárese? Si queremos, si... I-eu dígo-vos que nunca, en ningures se vos chamou pra unha cruzada mais grande, fermosa e transcendente, humanitaria e patriótica qu'esta. Os espíritos rutinarios, os que levan sóbor das costas cinco séculos d'esclavitude, poderán rirse de nós co'a risa dos imbéciles i-escuros de que falou Pondal. Pro vosoutros mozos que m'escoitades, rapaces novecentistas, almas sinxelas, libres de prexucios, pensai si non somol-os nazonalistas os únicos aristócratas da nosa Terra, os cabaleiros do Santo Grial galego. Porque inda trabucados, inda quiméricos, levaríamos á Hestoria a voz da nosa quimeira, com'un trofeo inmortal honorador d'unha raza que pol-o romanticismo dos mozos aválábase pra non morrere, con morte escura e co'arde.

Galicia dendo' século XV devén espiritualmente escrava da hexemonía de Castela. A derrota dos irmandiños que tiveron a raia aos casteláns até a caída da Frouseira nas mans dos Reises Católicos, xunto co'a descuberta da Novo Mundo, desviaron os anhelos de libértá e independenza sentida decote na nosa Terra. Galicia dendo' entón foi desprezada i-ouxeto de calunia. ¿Com'o castelanismo fachendosamente preponderante nos habería de lembrar con xeneira as pasadas rebeldías galegas? I-espallou por tod'o mundo o concepto da barbarie galega que inda hoxe perdura. E así, ao longo da literatura castelán da Idá moderna e da contem-

poránea, pódese vere o que Galicia significa pr'ó resto da Hespaña. Cervantes fala mal de nós, falan mal de nós Lope de Vega, Tirso Moratín. E chega a se afirmare por algús que a «doncelez en Galicia non se coñece». I-a xente do centro d'Hespaña non nos considera coma hespañoes. E isto pódese vere en varios publicistas. Un d'eles, Baltasar de Vitoria, nadó en Salamanca, no seu «Teatro de los Dioses»—edición de 1.677; (fixémonos ben na data, porque d'aquela inda non se coñecía o rexionalismo) afirma falando do trovador Macías: «Macías gallego de nación... su lugar fué la villa de Padrón, quatro leguas de la ciudad de Compostela «que los españoles llamamos Santiago». Cousas somellantes repitíronse en moitos libros, e non sementes en libros: hai moitos documentos públicos nos arquivos onde fanse as mesmas manifestacións que chegan até os nosos días. E xa pol-o derradeiro, no século XIX nas Cortes de Cádiz e na «Gaceta de Madrid», chamóuselle a Galicia «filla espúrea d'Hespaña». Coáseque cando—¡oh que contraste!—un inglés, lord Wellington, logo de nos coñecere entonou un hino ás virtudes i-o heroísmo da raza galega.

Toda, toda a Hestoria castelán da Idá moderna e contemporánea está chea de d'aldraxes pra nós, aldraxes traducidos en leises—e isto é o pior—que impiden o noso progreso económico esencial i-armónico.

Tras da nosa esclavitude espiritual, ven a esclavitude moral i-económica. Quen impón unha cultura agriolla un espírito. Quen perde o sentimento propio fica sin nengunha moral. E sen espírito nin moral pasa os pobos dendo' xeito de países ocupados por patriotas á de territorios con habitantes colonizables.

A nosa economía esnaquizada, é cristañña proba do que temos dito. Galicia, economicamente, resulta o pobo ibero mais escravo; resulta a probe «Cincenta» da triste Hespaña. Achase atrollada de peuse e mans pol-os arancés proteccionistas, imposibilitada pra desenrolare as suas fontes de riqueza naturaes. Pra que poidan vivire n'un réxime artificioso 'as outras terras hispanas, ela ten que resinarse a vivire cativamente, i-a botar á emigración os mellores dos seus fillos. Fixaivos ben n'esto, señores, «del regionalismo sano, práctico y bien entendido», e si logo de vos fixáredes e de meditar un pouco, non sentís a santa arela creadora do nazonalismo, é porque vosa i-alma está morta.

Galicia é «librecambista» pol-a sua natureza. Dendo' oxe mesmo, cousa que non socede con ningunha outra rexión hespañola, supoñéndoa n'un réxime de total independenza, progresaría en poucos anos, d'un-

ha maneira prodixiosa, pra erguel-os seus valores materiaes á outura envexabre das outras terras europeas de natureza somellante á dela.

Y-é hora de decilo. Galicia, pol-a sua personalidá, pol-o seu «ser» de non ter entrado na pra nos triste unidá hespañola, sola ou estreita co'a irmá Portugal, oxe sería, sin dúbida unha potenza tan forte com'a Inglaterra. Inda oxe, independente, ou unida co'a Lusitania n'un réxime d'estatismo dual, pesaría na balanza europea mais sin dúbida que o resto da Hespaña. Desenvolvei mentalmente estas aseveracións e vos convenceredes axiña.

E agora unha pregunta: Si Galicia lle non debe nada a Hespaña, si é xuntada a Hespaña unha escrava probe; si co'a Hespaña centralista non pode traballar d'un xeito progresivo, n'un libre desenvolvemento espiritoal, moral i-económico—e áchase esposta a morrer como pobo capaz de donarlle ó mundo unha civilización illa do seu diferenciamento racial, ¿qué camiño debe seguire?

Un de dous, irmáns: Ou do conquerimento da autonomía integral—que solo pol-a autonomía de cada espírito feita na língoa propia—ou o que Alfredo Brañas apuntou n'un glorioso rauto lírico:

Como en Irlanda
érguete e anda...

Y agora, pra romatar, pois xa abusei d'abondo da vosa atención, dígo-vos que de nada serven as armas nin a forza material cando un pobo, inda que sexa pequeno pol-o seu territorio, leva no curazón a grandeza d'un ideyal unificador.

Refírome a Irlanda, a irmá nosa pol-a raza, e aínda pol-os costumes, as mágoas i-os sofrimentos. Refírome á esa terra asomballada que ven asombrando ó mundo co seu alento xerminal no que latexa a divina esencia dos grandes «epos», Irlanda merece o poema heroico mais rexo e xenial do século XX. A guerra duradeira—loita de moitas razas e moitos pobos—non acochou no seu seio unha emotividade, un romanticismo, unha quentura cordial tan sobrimos como os que fai latexar ese belo xesto dos irlandeses.

O celtismo volve a entrar na escea da Hestoria. E Irlanda oxe, frente ó imperialismo saxón, como antano Galicia no Monte Medulio, frente ó imperialismo román, fai esmorecere a lembranza de Sagunto e Numancia.

A sombra de Alfredo Brañas, agarimada pol-a doce sombra da meiga santiña Rosalía, baixo o leito melancónico da irexa de Santo Domingo, dínos a todos, o tódol-os de Santo Domingo, dínos a todos, a tódol-os fennier" (isto é, sin terra é sin patria).

Como en Irlanda...
érguete e anda.

DIXEN.

O galego, é un problema de persoalidá, de liberdade, de dindade.

Queremos todas as descentralizacións administrativas, pro facendo sabere que inda conqueridas aquelas descentralizacións na máis amplitude posible e trocada Galicia n'un territorio rico e progresivo, o problema nazionalista fica sen se resolvere.

Somentes terá solución cando seamos poseedores d'unha persoalidá propia afincada no trunfo da propia cultura que nos deixe en total independencia das culturas alleas, xa que contamos c'unha tradición, c'unha raza e c'unha cheia de características especiais diferenciadas das mais do mundo, na que a lingua é o froito natural, o sangue do espírito colectivo. Mentres non chegemos a este xeito de suprema e alta liberdade, no que dispoñamos dos nosos destinos de acordo coas nosas comenencias, n'un libre desenvolvemento de todas as posibilidades racias, capaces de crearen unha "civilización atlántica", o nacionalismo galego non haberá conseguido a súa finalidade, nome gloriosa e santa, benéfica pra humanidade. Isto quer decir que o nacionalismo galego no orde cultural é fondamente separatista do espírito de Castela. E no orde político, condicional i-espectante. Primeiro, Galicia; logo, Europa, e logo, Iberia.

FOLLAS NOVAS

Revistas

Boletín de C. P. de Monumentos, Orense, n.º 130--Enero-Febrero 1920.

Iste número do erudito boletín ourensán, que s'acaba de repartir eses días atrás insera unha carta do ilustre escritor Mr. Jos. Nehama, xudeu sephardi de Salónica difinitivamente coñecido arredor do nome de don Benito F. Alonso, na que, no seu castelán arcaico dos xudeus de Turquía, expresa a fonda emoción que lle causara a lectura das cántigas galegas seleccionadas polo eminente Saco y Arce.

"Pero lo que non me canso de rever y de releer—di o iustre sephardi—son as deliciosas coplas recogidas por don Antonio Saco y Arce. Bendicho sea este buen hombre. Si lo tiene a su lado abrácelo usted de mi parte. Dígame le rogo que él me percuré uno de los placeres los más vivos que tengo tuvido".

"Tanto leí esas coplas que muchas me quedaron en la memoria. No las comprendo todas ¡hélas! Pero amo arrepétirlas adefirmélas como cantigas suaves que me flechan en el encanto y meanan en mi corazón los fibres los más secretos. Es la vieja alma español, gallega, pueda ser que resona en mí el canto delicioso malgrado su ingenuidad (ingenuité) y su algo de puerilidad de estas viejas coplas donde muchas tienen por mí como un aire de antiguas conocencias unidas en un arrincón oscuro de mi espíritu que vernían de una a la clara luz del conscient".

Axunta unhas traducións ó seu castelán (mais fermoso do que o moderno) e pide estudos comparativos do galego co castelán e portugués.

E unha proba mais do interés que desperta fora da Hespáña a nosa lingua e mais as manifestacións do noso xenio.

No mesmo número: "Ilustres dominicos gallegos de San Esteban de Saamanca" por M. Martineiz Sueiro; "Circular del Excelentísimo señor Nuncio de S. S." sobre a prohibición de enaxenar oxetos artísticos ou de mérete histórico; "Literatura popular de Galicia" (segue por A. Saco y Arce; "Bibliografía" sobre "La Torre de Hércules" do señor Tettamaney, E. V. Pardo; "Documentos del Archivo Catedral de Orense" por M. Castro y M. Martineiz Sueiro. Seis documentos en galego do século XIV.

O TOURO ICONOGLASTA

O nazonalista ten diante dos ollos o xornal do día.

Todas as ringleiras están cheas de jayos; todo o xornal é unha enorme esquila mortuoria.

O idolo, o semidios, morreu.

O icono caeu desfeito pol-as cornas d'un touro.

Un touro que fixo o mal porque non lle adprenderon á facer o ben.

¡Canto ben houbera feito turrando do arado na terra en que foi criado!

¡Nas terras irtas de Castela!

O nazonalista fai unha divisoria.

O seu mais grande sentimento pra a vida moza fruncada en froil pol-as furentes cornas d'unha besta embravecida.

E unha íntima satisfacción por que xa hay un toureiro menos.

Un toureiro...

Simbolo noxento da ardeceda Hespáña de pandeireta.

Baldón e vergoña da Iberia do porvir.

Logo, o nazonalista indinase.

O pobo de Madri, ese pobo inconsciente que tan pronto berra ¡Viva la República! como aplaude a El Rei; ese pobo que berra: ¡Viva España! ante as punxentes manifestacións das nacionalidades Ibéricas e celebra suas festas bárbaras mentras morren os soldados en Cavite; ese pobo sin corazón e sin alma, cubriu de froes e quixo levar ó lombo o cadavre de aquel a quen o día anterior escarnecera.

O cadavre do toureiro...

Lo corpo de Galdós, rodeado sonentes caladifamente, sin que o sentimento chegara hastr'o pobo toureiro e maldecido.

Lo nazonalista pensa...

Que pol-a desaparición da festa salvaxe fixo mais que todos os discursos de Noel, a cabeza do touro, que, d'un "derrote", deixou ó descuberto as entranas do icono.

UN IRMAN

Prégase a todos os leutores d'iste boletín que teñan algún exemplar d'os números 1, 2, 27, 91, 92, 93, 99, 100 e 112 e non'os coleccionen, o manden a nosa Administración donde fan falta pra compretara colección.

Divagacións

O FEMENISMO

O que se deu en chamar humorismo galego é somentes ou casi somentes condición espiritual dos homes da Galicia. As mulleres galegas son máis ben cultivadoras das afirmacións doutrinaes. Os homes áchanse lonxe da verdade, como o poeta Ayra Núñez. As mulleres viven na verdade ou no que coidan que é a verdade na que fican cheas de contentamento. Os homes van muito mais aló.

Esto non quere decir que os homes non sintan o ideal nin teñan por certas todas as teorías que botan ao mundo. Quere decir que o chamado humorismo é unha condición máis dos homes que das mulleres de Galicia.

¡Por qué falamos das mulleres cando facemos unha divación sobre a psicoloxía galega? Porque no espírito galego as mulleres poñen a súa persoalidade. Nada espiritual se pode facer nin decir en Galicia si as mulleres fican esquecidas.

Galicia é a terra máis feminista do mundo. A pasión feminista que axita as nacións non ten chegado a Galicia porque non hai necesidade dela en Galicia. Cando os nazonalistas galegos facían concesións a femineidade na segunda das suas grandes assembleas—de Santiago—recollían o senso galai-co. Galicia é a rexón feminista por excelencia. Fortes son as mulleres como a muller feminista quere selo.

A muller galega ven sendo afouta sempre e non traballo como un home. Aquelo que piden as mulleres feministas dos povos máis adiantados xa ten, dende a eternidade dos tempos da raza, unha existencia na rexón galega. E os campos, onde a raza vive a súa forte vida, onde Galicia veu desenrolando sin influenzas estranas, ganan en fecundidade co esforzo da muller. Arumes para a muller, agarimos... Pero a muller quere os mesmos dereitos, e os mesmos deberes que o hmome.

A muller feminista desea traballar en tudol-os oficios. Ser parlamentaria, ser labrega, ser sachadora, ser orfebre. A muller en Galicia é tudo eso menos parlamentaria porque non hai Parlamento, que si o houbese tamén tería un posto n-él.

Esta natural maneira da muller galega que é forte no fogar e no traballo esta condición feminista da nosa raza, ten a súa filosofía. Non é só cousa da vida, feito inconsciente. E doutrina galega. Feijóo fixo a defensa das mulleres. Feijóo que é un creador ao mesmo tempo que un crítico escribiu acerca da muller, creando a doutrina femi-

nista de maior feitura e fondo que se ten escrito na península ibérica. Sarmiento falou da muller galega e unha muller da Galicia—Concepción Arenal—puxo n-os seus traballos a pasión máis inxente cando falaba das femias, dos seus dereitos e das inxusticias con elas cometidas. Ninguén tivo a valentía de decir como Concepción Arenal que si a muller pode estar nos altares e foi a nai de Deus en troques non pode ser sacerdote do culto. Concepción Arenal non vía ben que as mulleres non dixesen misa...

Os homes galegos áchan un grande contemento na obra literaria e científica das suas mulleres, porque é obra admirabel e porque ten a ventaxa de responder á convicción sin dúbidas, mentras que os homes dubidan moitas veces do que din, agardan a quen ha de rectificar as suas afirmacións e viven no segredo da verdade que non se encontra en ningués. Ningún home puido facer a obra de Rosalía Castro, non pol-as condicións espirituales da mesma, senón porque nos tempos de Rosalía somentes unha muller podía pôr fé nos destinos da raza galega. Tempos mal-fadados aqueles cando un poeta chamou a Compostela a cidade dos celnes galegos, cimiterio de vivos.

Rosalía Castro, muller galega, tiña que ser no seo da raza feminista, o ou ro dos seus versos sensitivos e aquela visión sin xenreiras pero aceda dos nosos campos e das nosas vilas non admite comparanza. Hai voces de nai nas tristuras d-aquelas poesías de bré tema. Síntese as veces que un arrouto chouta nas estrofas e coida un estonces que a alma se deita nun colo morno e agarimante. Rosalía, muller, e gran poeta, e a nai da raza e o símbolo das intelixencias da nosa femia.

A sua mesma fé, as suas mesmas apaixonadas arelas, as suas afirmacións responden ao valor da nosa muller. Cando fai humor, cando nos dá como son na nosa terra as velliñas que están xordas ou os Vidales que van vingándose de porta en porta, ese humor non é como o humor dos homes galegos que lles dou máis persoalidade.

Porque nós temos que distinguir no humorismo galego duas tendencias: Unha a que na literatura representa Ayra Núñez na antigüidade, Xulo Camba no presente, e que no dibuxo está viva nas obras de Castelao (humorismo pensador). E outro humorismo máis sinxelo (clásico humorismo) que fai Fernández Flórez hoxe, e foi onte o de Rosalía Castro.

XAVIER MONTERO.

O Galeguismo alem das fronteiras

Un artigo de Philéas Lebesgue

"La Revue de l'Epoque", boletín literario que se publica en París, baixo a dirección de Marcello-Fabri, con escoleita colaboración i-unha información copiosa do mundo do pensamento, ven de insertar, no seu número correspondente ó mes de Maio un artigo de Philéas Lebesgue: "La Galice Littéraire d'aujourd'hui", que reproducimos a seguintes liñas.

No noso número derradeiro presentamos brevemente ós nosos lectores a figura admirabel de Philéas Lebesgue, d'un relevo tan marcado e tan sou nas letras francesas contemporáneas.

Polo mes do Xeneiro, Philéas Lebesgue estivo en Lisboa co gallo de faguer unha parolá ou conferencia sóbor do tema "Portugal et la Guerre, que foi a 5.ª da serie promovida pelo "Diário das Notícias", da capital da veñiña República sóbor do Programa Portugués.

A volta, fixo escala en Vigo, e os seus ollos sabios d'artista púderon levar pra'á sua terra a lembranza da mais fermosa paisaxe do mundo. Tamén levou libros: "Alento da Raza" de López Abente, "Da terra asoballada" do Cabanillas, cousas da Pardo Dazán, etc., Philéas Lebesgue tiña lido xa na "Atlántida" de Lisboa as cousas publicadas alí por Risco, Castelao, Cabanillas, e aló ná sua casa labrega de La Neuville-Vault, seguí recibindo libros galegos e sostenendo co noso Vicente Risco unha autiva correspondencia.

Hoxe, n'un artigo de información, publicado n'un boletín d'actualidade, o eminente escritor, chamaba a atención da intelectualidade francesa cara ás nosas cousas. A nova Galicia ficará fundamente reconecida i-obrigada ó gran servizo que Philéas Lebesgue lle rende, e tamén soberbia i-orgullosa de ter chamado a atención i-o interés d'un tan outo e privilexado espírito como o do autor de "L'au-delà des Grammaires".

A mesma "Revue de l'Epoque" adopréndonos qu' Philéas Lebesgue, que ven de cumprir os cincuenta anos, foi osequiado neste motivo polos seus amigos i-admiradores, de París, c'un xantar onde antr' outros, falaron Psichari, Marius-Ary, Leblond, Christian, Kemm, e moitos escritores Portugueses, Gregos, Sérbios, e Brasileiros. En nome dos escritores galegos "A Nosa Terra" súmase do todo corazón ó homaxe feito ó home ilustre a que xa podemos contar por amigo.

Vede agora o artigo de que temos falado.

A GALICIA LITERARIA de hoxe en día

Tense escrito moito mentras a guerra a propósito do principio das nacionalidades, asunto revesgado cando se quer facer que a idea d'Estado sexa a mesma cousa que a idea de Nación ou de Patria. Compre non deixar que se faga unha confusión antr'os tres

termos. O mais, limitarémolos, n'iste preámbulo, a facer costar que certas leis biolóxicas, en relación coas condicións do medio, téndese a asegural-a permanencia, en certas terras mais ou menos circunscritas, de certas características étnicas, lingüísticas ou sociais. A primitiva doutrina cristiana, esencialmente universalista, tivo, pra s'adautare, que acetar xeitos diversos, según os lugares i-as razas, i-as suas variacións multiplicáronse infundamente. Maormente, cando se trata d'arte, as correntes intelectuales, por poderosas qu'elas sexan teñen que presentalas coloracións vivas que l'impoñen fatalmente os medios qu'atrasvan.

No tocantes ás línguas, a admirabel froiación das literaturas modernas non foi posibel senón cando os gromos do latín tiveron acaparado a savía do imenso tronco seco e procrarnado o seu direito á existencia autónoma.

Antr'estas literaturas, a da Galicia foi unha das mais primeiras, e será bó lembrar, a iste propósito, que o idioma nativo d'ise recanto d'estrema—Europa non é o castelán, senón un dialecto lusitano, ou sexa portugués.

A Galicia, com'o seu nome indica, foi primitivamente colonizada polos Celtas e mais polos Galos; na Edade Media os Suevos fondaron elí un reinado independente, i-ela seguíu sendo o lugar da pelengración máis acostumada de toda a Península a de Santiago de Compostela. O seu chao abrupto, rocoso, pintoresco é rico en dolmes e leendas com'a nosa Bretaña armoricana, e com'ela, a Galicia deu nacemento a unha raza de marifeiros incomparables.

Os xeitos poéticos da nosa Provenza coallaron alí ben cedo. As primitivas formas líricas da Península tiveron o seu berce na Galicia, e reconeeas un nos primeiros elixios portugueses: Bernardim Ribeiro, Christovam Falcão, etcétera. O certo é que hai unha semellanza inegabel antr'as «serranilhas» portuguesas, as «balladas» provenzais i-as «pastorellas» italianas, e que poida qu'elas veñan do mesmo tipo tradicional espallado nas poboacións da mesma orixe e mais ou menos romanizadas. A «serranilha» foi adotada polos poetas cortesans, a non citar senón El-Rei de Portugal Don Diniz, e sobreviven até hoxe no folk-lore da Galicia.

As loitas feroces antr' Pedro o Cruel i-o seu medio irmán Henrique de Trastámara, habedo tido por resultado aflaxadas ligaduras do poder central, a Galicia beneficiouse d'un curto renacemento literario, do que s'atonan os vestixos na moimental colección lírica chamada «Cancionero de Baena». Un poeta de sentimento fondo, Macías o Namorado ten alí un lugar de primeira orde. Mais logo as espранzas d'autonomía política agarimadas pola provincia esmoreceron, e temos que chegar á segunda metade do século XIX enantes d'asisti

re á eclosión d'unha nova alborada.

Aixiña a língua «galega» aparece en plena posesión de todol-os seus medios d'expressión artística. E que non hai en Galicia separación antr'a arte popular i-a arte erudita. Os artistas da provincia sentiron aixiña a necesidade de conservar o contacto co pobo, i-o culto da terra é a súa millor fonte d'inspiración. A verba «terra» encerra ra eles, di Vicente Risco as mais fondas sinificaciós; evoca as montañas batidas dos ventos septentrionaes, o encantamento das fontes e dos ríos, as saudades d'un pobo que ten costume de sufrir i-agardar, os froitos do chao e do espírito, a brétema nos paraños, as casiñas aldeans, o traballo, a tradición, a vida cotidiana. Eisi baixo a fé católica, persiste un resto de paganismo céltico, d'aquél paganismo qu'adoraba os arborea, as fontes i-as montañas. E Vicente Risco añide:

«A i-alma de Galicia é anticlásica por natureza: hai en nós un medievalismo sustancial que nos ven da ancestralidade céltica, en nunca pudemos deixar de ser mos homes do Norte».

Eisi non hai que se sorprenden de que o renacemento artístico e literario da Galicia teña un aspecto francamente romántico.

O movemento principiou en 1862 e prolongábase até os nosos días. Catro figuras principais se distinguen n'el. A mais sonada a mais atormentada tamén, é a de Manoel Curros Enriquez a quen as suas blasfemias violentamente anticlericais e revolucionarias fixeron fose perseguido e botado ó desterro. O seu panfleto «Mirand'ó chao», que parafrasea «Le Bon Dieu» de Béranger no tono dos libres pensadores do segundo Imperio, marcou o comenzo das suas miserias. Tivo que fuxir primeiro a Londres e logo a Habana onde foi redactor xefe do «Diario da Marina» e onde morreu o 7 marzal 1908. As suas millores obras en língua «galega» (porque ten escrito tamén en hespañol) son «Aires da minha terra» (Ourense, 1880) e «O divino sainete» (A Cruña 1888). Naceu en Celanova, perto d'Ourense.

Valentín Lamas Carvajal é tamén orixinario d'Ourense. Xornalista violentamente satírico, chegou a ser o millor dos prosistas «galegos» qu'haxa aparecido. Tal é, polo menos, a opinión autorizada d'Emilia Pardo Bazán.

Tivo a imensa desgracia de quedar cego moi cedo, o que lle non impediu de pintar meravelosamente os paisaxes i-os costumes da súa provincia, e interpretar c'unha xusteza admirábel a soti-leza arteira e cazurra do paisano galego.

O seu «Catecismo do labrego» publicado en colaboración con D. Arturo Vazquez pasa por ser un milagro d'estilo.

Fundador do boletín popular mais importante que fose publicado en galego, e onde viñeron facel-as primeiras armas a maor arte dos escritores rexionaes contemporaneos da Galicia, «O Tio Marcos da Portela», D. Valentín Lamas Carvajal dou a luz sucesivamente: «Espiñas, follas e froes» (Ourense, 1871) «Saudades gallegas» (Ourense, 1889) «A musa das aldeas» (Ourense, 1890) que se contan outr'as produciós

mais significativas da nova poesía de Galicia.

Eduardo Pondal, nado o 6 d'antroido 1835 en Pontecoso (A Cruña) inspirouse nas lendas célticas. A súa arte saudosa i-espontánea, fai d'il un precursor do espírito contemporáneo. Débeselle seguramente, o libro mais fondo de toda a literatura galega: «Queixumes dos pinos» (A Cruña, 1886). Tamén dou: «O dolmen de Dombate» (A Cruña, 1895), «A campana d'Anillóns» (A Cruña, 1895). Morto fai algús anos, deixa varias obras inéditas: «Dos eidos», «Dos servos», «Do íntimo» i-o poema «Os Eoas».

Rosalía Castro ocupa n'esta falanxe un posto d'élite. E a ela á que a Hespaña concede o mais outo renome, apesare do seu nacionalismo esaltado. Compañeira do gran historiador da Galicia, Manoel Murguía, escribiu unhas veces en galego, outras en castelán; mais a súa gloria fica sobretodo xunguida ós versos comovedores de «Cantares galegos» (Vigo, 1863) e de «Follas novas» (Madrid, 1880) Nacida en Santiago de Compostela o 23 d'antroido 1837, morreu en Padrón o 15 Santiago 1885.

E util citar sen xuzgalos outros nomes de poetas pertencentes a esta xeneración.

Queremos millor apesare do valor incostentábel d'algúns d'antrelas como Alfredo Brañas, o autor de «O Avellón» (A Cruña, 1884) insistir seguidamente sób'or de aución decisiva dos obreiros da segunda época, sen esquecer poreu de lle render homaxe de camiño ó historiador de Santiago de Compostela, arqueólogo é canonigo, prosador dos mais distintos a maores, que escribiu tres novelas célebres: «A Tecedeira de Bonavas» (1894), «O castelo de Pambre» (1895) e «O Niño de Pombas» (1905) e D. Antonio López Ferreiro.

Foi dendes do 1900 cando o segundo renacemento principiou a se manifestare. Algus escritores da época precedente fican xunguidos ó movemento, mais un espírito novo ven a soprar. O amore ardente da terra natal da unha intensidade particular ó humorismo nativo dos escritores galegos e mais ó seu lirismo saudoso.

Un simple mestre d'escola de Trasalba, perto d'Ourense, Antón Noriega Varela, fixose axiña o profeta da terra luso-galaica, pola publicación das suas admirábelas poesías: «Montañesas» (Mondoñedo, 1904) qu'o fan parente de Teixeira de Pascoaes, chantre incomparablemente orixinal da «Saudade» portuguesa. Logo vai dar a luz unha nova colección «Do ermo». A personalidade vigorosa de Ramón Cabanillas oponse fortemente á de Varela. dente, rebelde, foi chamado «o poeta da raza». Os seus dous libros, cheis de combatividade viril e de fé ardente ros destinos da Galicia, consagraron aixiña a súa reputación. Titulanse: «Vento mareiro» e «Da terra asoballada» (Arousa). Varela e Cabanillas encaman contradictoriamente os dous aspectos esenciaes da nacionalidade galega. A caron d'eles están Gónzalo López Abente, o autor punzante d'«Alento da Raza» (Madrid), interprete sinxelo é fiel i-alma popular, Victoriano Taibo, discípulo de Pondal, Xavier Montero.

Antr'os contistas son particularmente ilustrados Heraclio Pérez Placer, au-

tor aplausado dos «Contos da Terraña» (A Cruña, 1895) os «Contos, lendas e tradicións» (1896), de «Veira do lar» (Santiago 1901), Francisco Ponto Rey, qu'escribiu «Cascarrabias ou o filósofo das Carqueixas» (Villagarcía, 1902), Manuel Lúgris Freire, A quen se deben os «Contos» de «Asieumadre» (A Cruña, 1909), Vicente Risco no pintoresco escritor «Do caso que ll'aconteceu ó Dr. Alveiros» (1920).

No teatro convén menciónar tres tentativas das mais pormetedoras: «A man da Santiña» de Cabanillas, «Entre dous abismos» de Antón Villar Ponte e «Dondosiña» do Dr. Quintanilla. A influencia de Maeterlinck predomina. A autividade literaria da Galicia comenza polo demais a se manifestare en todol-os ordes. Señalemos en filoloxía o nome d'Aurelio Ribalta, en filosofía os de Viqueira e de Losada, na crítica d'arte: Castelao e Villar Ponte, nos estudos sociais: Nogueiro.

Os escritores estranxeiros hoxe mais gustados en Galicia son Maeterlinck, D'Annunzio, Ruben Dario Eca de Queiroz, Guerra Junqueiro, Eugenio de Castro, Teixeira de Pascoaes (estes catro derradeiros portugueses).

A nova xeneración iniciouse igualmente nas tendencias da literatura francesa contemporánea representadas por Guillaume Apollinaire de Blas Cendrars; ten publicado estudos sobre Rimbaud, sobre Walt. Whitman, Ezra Pound ou Rabindranath Tagore.

Fundaróense autivas asociaciós, as «Irmandades da Fala» pr'a defensa da língua galega; hoxe achanse espalladas polo país enteiro e fan sair un boletín «A Nosa Terra» onde colaboran tamén escritores portugueses. O mesmo tempo, «La Prensa gallega» da Cruña emprendeu a publicación d'unha «Biblioteca popular de Galicia» que xa deu á luz uns quince volumes, prosa e verso. Esi, manifestase mais e mais rexa a vontade apaixonada de vivire d'un pobo pequeno, esquecido no extremo ocidente da Europa, e que podería moi ben revolucionar calquera día todo o precario equilibrio actual da Península.

«Con toda a súa i-alma trebante d'antusiasmo d'espranza e d'amore, volve os ollos cara Portugal» di un dos seus fillos millor dotados; mais o Portugal non pode confesar o ser sensíbel a iste xesto fraternal sen correr perigo de morte. A Cataluña, á espreita d'istes movementos que tenden a afundir progresivamente a hexenomía castelán i-a instaurar formas federativas, é a que pode provocar as convulsións decisivas. Mais, que é o que agarda o porvir á esta Iberia tan favorecida na aparencia, á esta Europa que somella unha mar tempestosa? Estrañas forzas entraron en aución, i-eu non quero eiq' considerer senón o que elas influan na arte.

Eu penso que a nova literatura da Galicia é merecente d'algunha atención pola parte dos Franceses. Por eso quixen dar eiq' un resume sucinto d'ela. Ogallá desperte algunhas curiosidades xenerosas!

PHILEAS LEBESGUE.

(«La Revue de L'Epoque», París, Maio 1920).

OS NÓSOS POETAS

Florencio Vaamonde



I

Ti que outras veces, sonoro a lira,
Das miñas penas fúchel-o consolo;
¡Cantos anos hai x' que o doce arrollo
Das dormexas cordas non se atrala!
Miña alma, aí triste, agora so respira
Amargura, e d'ôr e desconsolo,
Por pendente fatal me vendo á rolo,
Que negro dard'ôr todo me vira.
A segadora fouce a morte dura
Contra min afía, e presto agarda
Miñas cinzas fechar na cova oscura.
O seu brazo detén, A salvagarda
Sa crudel' africión ser-me procura.
Deixa ouvil-os teus sons; non veñas tarde.

II

A Miña navicela vai pasando,
Abértal-as xunturas, sin goberno,
Pol-o desfeito mar en crudo inverno,
As iras da tormenta soportando.
Franxéronse-lle os remos; e asoprando
De ferventos escumas nun inferno,
Desatado aquilón vence ao galerno,
Salafos, ansias, mágoas, sementando.
Orballeira de bágoas na tristura,
Molla, entezando, a podrecente corda,
Roubando ao estrelecer a fermosura.
Non desentolda o ceo; e dende a orda
Vou a entrada no porto vendo oscura,
E ás voces de favor a xente xorda.

Florencio Vaamonde.

Follas Novas

Cando xa iba a saír á luz este número do boletín, recibimos na "Irmandade" o libriño do noso querido irmán Vicente Risco "Teoría do nazonalismo galego".

Hoxe non podemos falar máis d'él por non ter espazo; todol-os galegos deben ler este libriño, onde se define de xeito xenial o noso santo movemento.

Véndese na "Irmandade" da Cruña a cinco réas.

PENEIRANDO

O Rei felicitou á "Ilustre artista" María Guerreiro por retirar do cartel unha obra do mellor dramaturgo catalán.

O Rei apenouse pol-a morte d'outro artista e gloria da Hespaña podre.

A Monarquía sigue salvando o país.

¡Viva Hespaña con honra!

O telegrama que o mariscal Joffre ténlle dirixido ó persidente da Comisión organizadora dos Xogos foraes de Cataluña, axiña do seu retorno a Francia, non pode ser máis agarimoso.

Proba com'o vencedor do Marne, síntese catalán de raza.

Inda que o marifocelismo hespañoleiro coide outra cousa.

A condega de Pardo Bazán, dou unha conferencia en Valladolid.

N'ela sintouse antiregionalista.

A Pardo Bazán é unha vella que chochea.

Os soldados da primeira compañía de inxenieros de Sevilla, formaron en dúas ilas cand'o enterro do "Joselito".

Outro morra Hespaña dado pol-os patrioteiros.

En Bilbao e Barcelona fixéronse tribuales pra nenos.

Euskadi e Cataluña sempre diante...

En troques, na patria de Consención Are-

nal, que debía sel-a primeira, os derradeiros.

Na casa mortuoria do "Joselito" estiveron Dato, logo de despachar c'o Monarca, e moitos mais políticos e aristocratas.

Aa misa costeada pol-a Asociación de toureiros, foron Maura, Silió, López Dóriga, conde de Heredia, etc.

Tarxetas de d'oo houbos de numerosas aristocratas e exministros. Houbo tamén sentido pésame dos Reises.

Os xornaes —¡"El Sol" inrusivel!— enchéron as suas follas de datos respeito á aquel desgraciado bárbaro de coleta.

Cando a morte de Pi y Margall non houbo pra honrada familia do grande patriota, nin pésames réas nin aristocratas.

Y-ante todas estas cousas que fan pensar canto tífan de pálido ainda as visións de Hespaña de pandeireta de Meriméa, nós coidamos que ises homenaxes a "Joselito" son cen veces piores que un morra Hespaña.

D'unha patria asín, con taes valores representativos, nós non somos patriotas.

¡Sa Hespaña, é allea á nazón galega.

Irlanda, a nazón irmá, sigue loitando c'o opresor inglés pra conquistar a independencia. N'estes derradeiros días levan queimado mais de vinte delegacións de policía. O trunfo será d'eles.

Namentras, na Hespaña, pobo analfabeto e salvaxe, chorá a morte d'un toureiro. ¡Que noxo!

Irlanda é un pobo que quer ser ceibe. Hespaña será escrava eternamente.

¡Qué difrenza!

Compendio de Gramática Gallega

PRECIO 2 REAS

VÉNDENSE:

| | | |
|---------------|---|-------------------|
| Na Cruña | } Administración «A NOSA TERRA» IRMANDADE DA FALA. | } Maria Pita, 77. |
| Ferrol. . . . | | |
| Lugo | } Id. id. Gerardo Castro. | } |
| | | |
| Santiago. . . | } Id. id. Viuda de Alonso. | } |
| Orense. . . . | | |
| Monforte. Id. | } Id. id. Angel Porto. | } |
| | | |
| | } Id. Editorial «Eco de Santiago». | } |
| | | |
| | } Id. id. Viuda PérezResvié. | } |
| | | |
| | } Id. Antonio Fernández Piñeiro. | } |
| | | |

Pregase a todol-os suscriptores que non reciban o noso boletín manden a queixa ao administrador pra facer a recramación no correo.

Pregase asimesmo aos que teñen a suscripción en descuberto, remitan o importe pol-o xiro postal.

Lea vostede

A Nosa Terra

EFECTOS NAVALES

— DE —
FERRER Y COMPAÑIA—SUCESOES
F. BERTRAN e MIRAMBELL

Vigo e A Cruña
 CASA FUNDADA EN 1868
 Artigos xeneraes pra equipo da Marina Militar, vapores, barcos de vela e pescadores

A FARTANZA

— DE —
CRISTINO P. REY
PROGRESO, 40.—A CRUÑA

Esta casa e a que millores viños de Lágrima vende, así como de Valdeorras, licores e coñás.
 Visítade esta casa e quedaredes satisfeitos.

LA MODERNISTA

GRAN SALÓN DE BARBERÍA

— DE —
RAMOS E ACEA

San Andrés, 94-1.º—A CRUÑA

Estabrecimento de primeiro orde, dotado de estufa de desinfección e todol-os aparatos higiénicos. Especialidade en lavados de cabeza, lociós e friciós de todas clases.

Nota: N'este estabrecimento atopará o público un servició permanente a cárrego dos seus propietarios, antigos dependentes das mais importantes peluquerías desta capital.

LA SALUD

CASA DE BAÑOS

A MILLOR DA CRUÑA
 Avenida de Rubine, 22 (Riazor)

Materiales de Construcción
CEMENTO ASLAND
MADEIRAS—CARBÓN
 Centro Xeneral de Seguros
Ignacio Pedregal
NA CRUÑA

Gran H. Universal

Rúa da Reina (da Raiña), 21—LUGO
O MAIS NOVO E MILLOB

Ten carto de baño moderno. Dispón de teléfono (núm. 116) e de coche da casa pra todol-os trens.

O GRAN H. UNIVERSAL merece ser visitado

Hotel Continental

CASTELAR, 8 e OLMOS, 28
O MELLOR SESVIDO

— DE —
M. Losada Prado
A CRUÑA

Frábica Mecánica

::: de Calzado :::

— DE —
ANXEL SENRA

RUA XUAN FLOREZ

Depósito: Cantón Grande, 15
A CRUÑA

FARMACIA EUROPEA

— DE —
LOPEZ ABENTE
REAL, 55

A millor surtida da Cruña, e un dos estabrecimentos da súa crase que mais honran a Galicia. Montada con arrego os derradeiros adiantos.

Gran Café da Marina

— DE —
JOSÉ RODRÍGUEZ de VICENTE
Urzáiz, 11
BAYONA



COMPAGNIE GENERALE TRASATANTIQUE

VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE

Servicios direitos dende o porto da Cruña

El día 8 de Junio aprosimadamente e salvo continxencias, sairá para **Habana e Veracruz** o rápido paquete correo

Espagne

Prezos do pasaxe (incruído-os impostos)

| | Habana | Veracruz |
|--------------------------|--------------------------------|-------------------------|
| Primeira crase. | Ponte de paseo: | |
| | Camarotes de luxo | Ptas. 2.053'75 2 138'75 |
| | Id. exteriores | 1.668'75 1.753'75 |
| | Ponte superior: | |
| Segunda crase. | Camarotes exteriores | 1.498'75 1.593'75 |
| | Id. interiores | 1.293'75 1.378'75 |
| | Ponte inferior | 1.293'75 1.378'75 |
| | Preferencia | 1.103'75 1.088'75 |
| TERCEIRA CRASE | 808'60 798'60 | 328'60 343'60 |

* O día fixo de saída anunciaráse oportunamente.
 O pasaxeiro que desexe embarcar ten de remitir e seguidamente o nome e mail-o importe do pasaxe, sen emprender viaxe hastra que teña a conformidade do Consinatario de que se lle reservou a praza.
 Os emigrantes e todol-os equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.
 Para toda clás d'informes sóbor de datas de saída prezos do pasaxe e tipos de flete, dirixirse o seu Consinatario

D. NICANDRO FARIÑA—Rúa de Compostela, esquína a Praza de Lugo

EL NOROESTE

Xornal da Cruña

Nesta casa impréntanse toda cras de traballos finos, como son: Libros, Revistas, Facturas, Tarxetas de Visita e comerciais, recordatorios, memorandums, etc., etc.

Real 26 - Teléfono 111 -- A CRUÑA

"PATENTE-SALVAVIDAS,"
O millor pra pintar os fondos dos barcos. Ga-nou Diproma de Honore, Gran premio e medalla d'ouro nas Exposicións de París-Londres

REPRESENTANTE:

F. Bertran y Mirambell } Vigo
Coruña

COMPAGNIE DE NAVIGATION SUB-ATLANTIQUE

Salida do porto da Cruña para Bahía, Rio de Xaneiro, Santos, Montevideo e Bos-Aires

O día 24 de Maio de 1920, sairá da Cruña o paquete correo

GARONNA


de 10.000 toneladas, admitndo carga e pasaxeiros.

| | Pernambuco | Bahía | Rio Xaneiro | Santos | Montevideo | Bos-Aires |
|-------------------------------|------------|----------|-------------|----------|------------|-----------|
| En primeira crase . . . Ptas. | 1.072'25 | 1.116'25 | 1.336'25 | 1.380'25 | 1.512'25 | 1.556'25 |
| En segunda crase . . . » | 793 | 815 | 859 | 881 | 947 | 1.035 |
| En segunda intermedia. . . » | 628 | 628 | 628 | 628 | 628 | 628 |

Prezo do pasaxe en 3.^a crase a Brasil, Montevideo e Bos-Aires, (incluidos impostos): **Ptas. 359'60**

Para mais informes dirixirse aos seus consignatarios:

Sres. OYA GILARD e COMPANIA, (S. en C), Praza d'Ourense 2 B e Feixóo, 2.—A CRUNA



Compañía Chargeurs Reunis

Pra os portos de PERNAMBUÇO, RIO JANEIRO, SANTOS, MONTEVIDEO e BOS-AIRES, sairá da CRUÑA sobor do 19 de Abril, o lixeiro e magnifico vapor

CEYLAN

de 10.000 toneladas

Admite pasaxeiros de cámara e 3.^a cras.

Prezo do boleto de TERCEIRA crase Pesetas 374'60

» medio boleto » » 189'60

Nenos mais novos de dous anos, un gratis por familia.

De dous a 10 anos, pagan medio pasaxe. Maiores de 10 anos, pasaxe enteiro.

NOTA INTERESANTE.—As mulleres que leven reros que non chegan a os 10 anos, chamadas pol-os seus maridos, non poden embarcaren pra BOS AIRES si non presentan n'esta Agencia un certificado PRECISAMENTE do DEPARTAMENTO de EMIGRACION de BOS AIRES, permitíndolles o desembarcaren na REPUBLICA ARXENTINA. Non teñen valor algún as cartas de chamada, autorizacións, nin poderes dados arte os Cónsules hespañoles.

As mulleres que se atopen n'estas condicións e non presenten NECESARIAMENTE o dito certificado, non poden embarcar. Tamén teñen que presentaren o mesmo certificado os emigrantes que teñan MAIS de 60 ANOS e non vaian acompañados da súa familia.

O día fixo da saída anunciarése con oportunidade.

Os pasaxeiros teñen de presentarse n'esta Agencia o día 5 d'Outono pol-a mañán.

Pra informes dirixirse aos Agentes Xeneraes en Hespaña,

ANTONIO CONDE (Fillos).—PRAZA D'OURENSE, 2.—A CRUÑA

LA PROVEEDORA GALLEGA

DE

Xuan Vázquez Pereiro

A millor fábrica de chocolates de Galicia, sita na Rua estreita de San Andrés.--A CRUÑA

Irmans: si queredes estar sans e fortes tomade todol'os días unha cunca do rico chocolate que fabrica esta casa, e veredes como sin darvos conta estades ledos e traballades sin sentir o mais cativoiro cansancio, porque gozaredes de boa saúde.

¿Por qué é isto? porque os chocolates que fai esta casa, fanse cós millores productos i-a limpeza mais esquisita.

PROVADEOS E CONVENCERÉDESVO



GRANDES TALLERES
DE LAVADO E PRANCHADO
DE ROUPA NOVA E DE USO

Despachos contraos:

A Cruña: Cantón Pequeno, 12
Vigo: Praza da Constitución, 12

Sucursaes na Cruña:

Estreita de San Andrés, 12
Praza de Azcárraga, 4
Sad Agustín, 22

Sucursal en Vigo:

Circo, núm. 5

Todolos nosas sucursaes ostentan un leureiro como sinal, que é reprodución da marca de garantía eiqui estampada.

Recíbense encârgos de fora, y-espídense por meio das nosas sucursaes.

Si no lugar onde vosede reside non-a hay, sirvase mandárnos seus desexos de mandárnos os seus encârgos.

Os viños e coñás millores

son os queisporta a casa de PEDRO DOMEQO, de Xerez Fronteira, fundada en 1734. A casa máis antiga de Xerez.

O vermóuth mais selecto

de mundial e reconecido sona é o ZINZANO (Torino),

Pra viños de mesa

non hay outros com'os dos cosecheiros eisportadores Señores R. LOPEZ DE HEREDIA (Haró). Casa central: *Pazo da Equitativa*.--MADRID.

Representante eisclusivo (matriculado) de todas estas marcas:

JOSÉ C. JUNCOSA


Galera, 39é41-2.º piso.--A Cruña

Leutores

Quen queira ter un traxe bo, xeitoso e que lle coste pouco diñeiro, que o faga na Xastrería de

Xosé Varela da Costa

Rua do Circo, 18. VIGO



LLOYD REAL HOLANDÉS

AMSTERDAM

(KONINKLIJKE HOLLANDSCHE LLOYD)

Viaxes rápidos ó Brasil e a Arxentina pol-os acretados vapores-correios.

GELRIA, ZEELANDIA, FRISIA E HOLLANDIÁ

Saidas fixas-regulars da Cruña e Vigo, adimitindo pasaxeiros de 1.ª, 2.ª, 2.ª intermedia e 3.ª clás

Pra informes respeito a datás de saidas e prezos de pasaxes dirixirse ó Axeute xeneral da Compañía en España

D. Raimundo Molina e Couceiro

CONSIGNATARIO

NA CRUÑA E VIGO